

Concurso EPAPU

O Concurso de traslados para centros que imparten especificamente ensinanzas de adultos é específico e, por tanto, a Consellaría ten máis marxe de manobra que no CXT que se rexe por unha normativa básica de ámbito estatal.

Con todo, parece lóxico que moitos dos apartados manteñan a mesma puntuación e requisitos que o CXT.

Por iso a CIG-Ensino considera, e así o vén defendendo desde hai anos que hai algúns apartados que si deben mudar nos concursos específicos os seguintes:

☒ **Permitir que todo o profesorado poida sumar 20 puntos no apartado 4** (desempeño de cargos directivos e outras funcións). Co baremo actual unha directora ou director acada os 20 puntos en 5 anos, unha XE ou un secretario pode facelo en 8 anos mais para o resto de funcións docentes a puntuación está limitada a 5 puntos.

☒ **Eliminación da puntuación por postos na administración (6.4).** Consideramos estes 1,5 puntos como unha medida discriminatoria e sen xustificación.

☒ **Puntuar o tempo traballado en ensinanza de persoas adultas en IES no apartado 7.2.** Hai docentes que imparten toda a súa docencia na ESA ou o Bacharelato de persoas adultas en centros ordinarios e, non obstante, son excluídos neste apartado que valora precisamente a experiencia con persoas adultas. A Incoherencia chega ao extremo de que traballar nun dos centros desta convocatoria (IES San Clemente non puntúa neste apartado. Abondaría cunha certificación da Inspección educativa para acreditar ese traballo.



A adxudicación neste concurso terá prioridade sobre o CXT. Quen obteña praza nunha EPAPU decaerá do concurso xeral.

✓ **Puntuación de todas as coordinacións didácticas.** Igual que no CXT e no concurso de Orientación, a Consellaría incorporou como novidade no apartado doutras funcións docentes asesoría como a do CIEDIX ou ao do CGIFP, a coordinación do equipo de dinamización do Plan Dixital ou de Benestar e Convivencia. Estes cambios, lóxicos xa que estas funcións merecen recoñecemento, non se dan noutros casos que levamos anos reclamando como 2ª lingua estranxeira, coordinacións de ámbitos na FP básica, etc, o que fai esta exclusión aínda máis impresentábel.

✓ **Equivalencia para desempate de aprobados no concurso de méritos.** Debe incorporarse unha disposición adicional idéntica á que se incluíu tanto no CXT como no concurso de Orientación de Primaria para a correspondencia, aos efectos de desempate, da puntuación outorgada ao persoal que accedeu por concurso de méritos se o baremo deste concurso tivese unha puntuación máxima de 10 puntos.

Participación de quen obtivo destino definitivo no último CXT

Para dar saída a unha demanda de vello da CIG-Ensino (que se poida participar en calquera concurso sen agardar a estar dous anos no destino definitivo) e tendo en conta o carácter específico deste concurso propoñemos que na base cuarta a) (persoal participante) se exixa que os dous anos se teñan en conta desde que se tomou posesión tras o último concurso de persoas adultas. Así, todo o profesorado podería participar.

Requisito lingüístico

Entendemos que hai un erro na Disposición Complementaria Sexta, xa que se fai referencia, tanto no nivel avanzado como no intermedio á regulación actual do RD 1041/2017 para ser puntuadas como nivel B2 e B1 cando o que debe dicir, como figura no texto do CXT é:

*O nivel avanzado de galego da escola oficial de idiomas, o ciclo superior e o certificado de aptitude certificados **con anterioridade á entrada en vigor** do Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, puntuaranse na epígrafe 3.3 como nivel B2.*

*O nivel intermedio de galego da escola oficial de idiomas e o ciclo elemental certificados **con anterioridade á entrada en vigor** do Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, puntuaranse na epígrafe 3.3 como nivel B1.*

Por outro lado, consideramos unha vergoña que a Consellaría siga mantendo que o coñecemento de galego só se lle exixa ás especialidade de Primaria, Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía. Todo o funcionariado de carreira que aprobou un proceso selectivo en Galiza tivo que acreditar, por formación, titulación ou por un exame, o coñecemento do noso idioma. Debe, por tanto, ser un requisito de participación neste concurso como en todos.

Participación do funcionariado en prácticas

Solicitamos que este profesorado poida participar neste concurso como no CXT. De non ser así a Consellaría comete un erro na base décimo sétima xa que cita a este profesorado.

Cadros de persoal das EPAPU e vacantes.

Para favorecer a transparencia solicitamos que se faga público o cadro de persoal de todas as EPAPU, coa asignación horaria de todas as especialidades. Xa denunciámos en anos anteriores que non existe un criterio regulado para decidir se nun centro ten que existir prazas dunha ou máis especialidades, como acontece no caso de Tecnoloxía.

Información sobre o anteproxecto de lei de ensinanzas ao longo da vida

O texto que poñía no punto de mira toda a ensinanza de adultos tal e como hoxe a coñecemos, apostando todo á modalidade a distancia pasou polo Consello Escolar de Galiza no mes de abril e a CIG-Ensino pediu a súa retirada e promoveu unha campaña de rexeitamento nos centros educativos. Nada soubemos desde aquela dese texto e solicitamos que se nos dea cumprida información.

Redundancia no proceso de renuncia

Nesta orde, como na do CXT incorpórase un procedemento para renunciar que nos parece redundante. Obrígase a renunciar por dúas vías: na sede electrónica da Xunta (na carpeta cidadá na que queda rexistrada a participación) e na páxina web do CXT. O lóxico é facelo unha única vez.

A CIG-Ensino demanda que aumente a oferta de vacantes

Mentres que nalgúns EPAPU nos consta que se está ofrecendo todo o que ten garantido horario atopamos casos nos que consideramos que non se están a aplicar os criterios aprobados no ano 2018 para determinar cando deben ofertarse vacantes. Solicitamos unha reunión técnica antes de publicar a convocatoria para que se nos xustifiquen os horarios de determinadas especialidades que non saen nalgúns centros. O obxectivo sempre debe ser ter o maior número de docentes definitivos. En principio, e á espera de que nos xustifique se non cumpren os criterios para seren ofertadas, reclamamos un **incremento de 14 vacantes**.

CENTRO	ESPECIALIDADES	PRAZAS	PROPOSTA CIG-ENSINO
EPAPU Eduardo Pondal. A Coruña	597038 Educación Primaria	1	1 de Portugués
	597032 Lingua estranxeira: inglés	1	
	590005 Xeografía e historia	2	
	590007 Física e Química	1	
	590008 Bioloxía e Xeoloxía	1	
	590011 Inglés	1	
	590018 Orientación Educativa	1	
EPAPU Santa María de Caranza. Ferrol			1 de Primaria 1 de Matemáticas
IES San Clemente. Santiago de Compostela	590001 Filosofía	1	1 de Matemáticas 1 de Bioloxía 1 de Tecnoloxía 1 de Francés 1 de Inglés 1 de Xeografía e Historia
	590004 Lingua Castelá e Literatura	1	
	590009 Debuxo	1	
	590015 Portugués	1	
	590053 Lingua e literatura galega	1	
	590061 Economía	1	
EPAPU de Teixeira. Curtis	597032 Lingua estranxeira: inglés	1	
	590005 Xeografía e historia	1	

CENTRO	ESPECIALIDADES	PRAZAS	PROPOSTA CIG-ENSINO
	590053 Lingua e literatura galega	1	
EPAPU de Bonxe. Outeiro de Rei	597038 Educación Primaria	1	1 de Bioloxía e xeoloxía 1 de Procesos e produtos en madeira e moble
EPAPU de Monterroso			
EPAPU de Albeiros. Lugo	590004 Lingua Castelá e Literatura	1	1 de Tecnoloxía 1 de Lingua castelá e literatura 1 de Bioloxía e xeoloxía
	590006 Matemáticas	1	
	590007 Física e Química	1	
	590010 Francés	1	
	590053 Lingua e literatura galega	1	
EPAPU de Ourense	590004 Lingua Castelá e Literatura	1	
	590010 Francés	1	
EPAPU de Pereiro de Aguiar			
EPAPU Río Lérez. Pontevedra	590004 Lingua Castelá e Literatura	2	
	590007 Física e Química	1	
	590008 Bioloxía e Xeoloxía	1	
	590010 Francés	1	
	590011 Inglés	1	
	590053 Lingua e literatura galega	1	
EPAPU Barbés. Vigo	597038 Educación Primaria	1	
	590005 Xeografía e historia	1	
	590006 Matemáticas	2	
	590007 Física e Química	1	
	590008 Bioloxía e Xeoloxía	1	
	590011 Inglés	2	
	590019 Tecnoloxía	1	
36024720. EPAPU Nelson Mandela. A Lama	590005 Xeografía e historia	1	
	590019 Tecnoloxía	1	